

Paradiso tristurento

Narrativa Relato de espionaxe nunha Lisboa con resaibo agridoce

Camiño de América, no outono de 1940, Antoine de Saint-Exupéry recalou por breve tempo en Lisboa, a onde chegara refuxiándose da ocupación nazi de Francia. A impresión que a cidade lle causou fíxoo definila dun xeito laconicamente poético: a urbe lusa, toda miseria e melancolía, era un paraíso triste.

Velaí a razón lírica que xustifica o título da máis recente novela de Xosé Ramón Pena, *A batalla do paraíso triste*, que vén sumarse a anteriores obras súas como *Para despois dun adeus* (Xerais, 1987), *Paixóns privadas* (Xerais, 1991), *O reverso do espello* (Xerais, 1984), *A era de Acuario* (Xerais, 1997) ou *Fado de princesa* (Galaxia, 2005).

É a presente unha narración na que as claves da novela histórica se entremesturan coas do subxénero de intriga e aventuras, dando lugar a un suxestivo híbrido de relato de espionaxe con fondo de época. Unha aposta argumental que abre un camiño ben estimulante para a nosa escrita, ambientando unha historia no Portugal de entreguerras mundiais cunha trama tan sinuosa como atractiva, onde a ca-

pital lusa se nos revela como o espazo en que conviven o engado do fado e a sociedade *chic* coas perigosas manobras de grupos de espías e contraespías. Nazis, anglófilos, franquistas, salazaristas e demais xogan as súas pezas nesa incerta partida de xadrez na que acabou por se converter a oficial neutralidade do goberno portugués, baixo a que se agocharon as máis encontradas posicións para que o país veciño se posicionase belicamente.

No medio desta verdadeira *batalha* de sabres espías discorre a peripécia do tenente protagonista, un oficial nihilista que semella responder unicamente aos ditados da fraternidade amigable, da lealdade incondicional e, sobre todo, do amor, vórtice triangular que relega a un segundo plano o patriotismo que a un militar pode supórsele.

A batalla do paraíso triste ten o acerto de entretecer estruturalmente tempos e accións, informando a trama a través de diversos relatos e narradores, o que engade un contraste verosímil aos feitos expostos, que se ven matizados de acordo coas diferentes fontes das que vai manando a historia.



Panorámica de Lisboa. // Arquivo

Poida que a algúns lles acabe por parecer un exceso melodramático a inclusión de certos personaxes (así o azucrado *affaire* amoroso do protagonista e a cabareteira Catarina Gusmao, Mata Hari portuguesa que, porén, propicia un fío de acción de efectismo innegable), pero por forza deben recoñecerse asemade a arquitectura da engraxe detectivesca proposta, a hábil inclusión de treitos evocativos e dialogais que serven de oportuno relanzo a aqueloutras pasaxes de acción vertixinosa e, antes nada, o moi elaborado proceso de integración do que debeu ser un traballo intenso de documentación nunha narración que acompaña a lec-

tura con datos precisos e xustos, mais nunca con abouxadores efluvios de bombardeo historicista, cousa tan infelizmente frecuente neste tipo de obras ambientadas noutras épocas.

Non sei dicir se Antoine de Saint-Exupéry tiña razón e a Lisboa dos anos corenta era ese paradiso tristurento que vían os ollos mancados do seu corazón de exiliado, unha cidade á que non acabou de afacerse nunca; ora, sei, si, que a Lisboa que as páxinas de Xosé Ramón Pena evocan ten o resaibo agridoce que deixan no padal os espazos que todos algunha vez amamos e tememos a un tempo. Ler *A batalla do paraíso triste* é experimentar esa pavura e

ese asombro, os mesmos que nos percorren en calafríos cando oímos “Estranha forma de vida” na voz de Amália Rodrigues, os versos cos que, como se da banda sonora dun filme se tratase, remata a obra: “Coração que eu nao comando/ (...) se non sabes aonde vais,/ por que teimas en correr?/ Eu nao te acompaño mais”.

// Armando Requeixo

A batalla do paraíso triste ·
Xosé Ramón Pena ·
Xerais, 2008 ·
264 páx · 16,50 euros

